

CURSO

INTERVENCIÓN SOCIOLABORAL CON PERSOAS PRIVADAS DE LIBERDADE

DOSSIER INFORMATIVO







INDICE

1) Resumo do curso.....	2
2) Fundamentación.....	2
3) Obxectivo.....	3
4) Contidos formativos.....	3
5) Persoas destinatarias.....	6
6) Calendario	6
7) Metodoloxía.....	6
8) Avaliación	8
9) Docencia	8

NOTA: A renuncia ás prazas adxudicadas dará dereito á devolución da matrícula abonada, sempre que a comunicación se produza antes da finalización do prazo de inscrición do curso que se trata (en termos xerais antes dos cinco días naturais anteriores ao comenzo da acción formativa), ou por causa de forza maior xustificada documentalmente.

1.RESUMO DO CURSO

	100 horas		Online
	Do 1 de febreiro ao 31 de maio de 2024		Persoas Colexiadas: 67€* Persoas non colex.: 134 €

*O COTSG financia o 50% do custe da formación para as persoas colexiadas que se inscriban

2. FUNDAMENTACIÓN

Cando unha persoa entra a cumprir condena nun centro penal supón para ela unha ruptura coa realidade social xa que debe adaptar a súa vida a un sistema institucionalizado, cun sistema de relación, organización e xerarquía propios.

A entrada en prisión deriva nunha gran modificación no comportamento da persoa, destacando tamén unha serie de **consecuencias negativas** como son a desprovisión da autonomía das persoas penadas e os estigmas e estereotipos sobre as persoas e a delincuencia, posicionándoas en desvantaxe fronte a outro tipo de colectivos en situación de risco social. Por outra banda, destacamos un conxunto de **comportamentos inadaptados** debido á conflitividade, toxicomanías ou capacidades volitivas alteradas. Esta serie de características comúns fai necesario que se artelle unha **metodoloxía de intervención** que teña en conta todos estes aspectos.

Esta adaptación á vida en prisión e as súas consecuencias, fan que a persoa reclusa, no seu proceso de reinserción na sociedade, precise do apoio, orientación e guía de profesionais de distintos ámbitos para acadar unha reintegración social efectiva.

A experiencia de APES Asociación traballando con este colectivo e o seguimento que se realiza do proceso de inserción social e laboral das persoas reclusas atendidas, permitiu a ver a existencia dunha serie de condutas que dificultan a reinserción destas persoas, sendo as **dificultades na xestión emocional**, a **falta de hábitos positivos** e a **falta de emprego**, características comúns nas persoas que reinciden no delicto. Detectouse que un dos problemas centrais son as carencias en competencias sociais e transversais das persoas privadas de liberdade.

O principio reeducativo e reinsertador das penas privativas de liberdade, recollido no art. 25 da Constitución española, fai que dende as institucións penitenciarias se promovan programas de tratamento específicos co obxectivo de favorecer a evolución positiva das persoas penadas e dar resposta ás diferentes problemáticas que presentan ao mesmo tempo que se adquiren beneficios penitenciarios. Deste xeito procúrase o traballo coordinado entre os equipos de tratamento penitenciarios e as entidades alleas á prisión que desenvolven estes programas co fin de cumprir coa saída escalonada das persoas penadas, pois o Regramento da Lei Penitenciaria contempla que o retorno á sociedade deberá ser facilitado de xeito progresivo, empregando o sistema de clasificación de grao penitenciario e diferentes tipos de réximes de vida.

Dende APES pretendemos abordar esta formación dende unha perspectiva socioeducativa enfocada a favorecer o coñecemento do medio penitenciario e das persoas que cumpren condena, promovendo e facilitando o proceso de cambio polo que transitan.

2. OBXECTIVOS

- Achegar ao alumnado os coñecementos necesarios sobre o medio penitenciario introducíndonos na tarefa reeducativa dirixida a persoas privadas de liberdade.
- Facilitar a comprensión das consecuencias da vida en prisión, dos factores que inciden ao longo do cumprimento de condena e as estratexias e accións que deben formar parte da engrenaxe que sustenta o proceso de reinserción sociolaboral.

- Dar a coñecer o fenómeno de delincuencia, analizando os factores de risco e protección fronte o mesmo.
- Aportar técnicas e ferramentas para a intervención e o acompañamento na reincorporación á vida en liberdade das persoas reclusas.

3. CONTIDOS

Módulo 1. O ámbito penitenciario

- Contextualización
- Marco legal. Dereitos e deberes das persoas intyernas
- Réxime de vida
- Módulos de respecto
- Equipos de tratamento penitenciario
- Programas de intervención social e tratamentos específicos
- Teste e caso práctico

- Ofrecer información sobre a práctica do traballo social con persoas, grupos e comunidades, así como as bases teóricas e metodolóxicas para unha correcta intervención.
-
- Achegar ao alumnado á figura do traballador/a social no ámbito penitenciario, así como o papel das entidades sociais na intervención con persoas reclusas e ex reclusas.

Módulo 2. A persoa reclusa

- Teorías sobre a delincuencia.
- Perfil do colectivo.
- Tipoloxías delictivas.
- Consecuencias da privación de liberdade.
- Factores de risco e protección no proceso de reinserción social.
- Teste e caso práctico.

Módulo 3. A Muller reclusa

- Xénero e delincuencia
- A desigualdade nos centros penitenciarios
- A perspectiva de xénero no contexto penitenciario
- Perfil de mulleres que cumpren condena no sistema penitenciario español
- Programas de intervención para mulleres reclusas
- Intervención con mulleres en medio pechado, aberto e semiaberto
- Test e caso práctico

Módulo 5. Deseño e elaboración de itinerarios personalizados de inserción (IPIs)

- Concepto de IPI
- Obxectivos e funcións dun IPI
- Fases dun IPI
- Entrevista diagnósticop e entrevista motivacional
- O/A profesional do traballo social no ámbito da orientación laboral
- Test e caso práctico

Test e Proba final

Módulo 4. Reinserción sociolaboral de persoas privadas de liberdade

- Concepto de inserción e reinserción social e sociolaboral
 - Dificultades de acceso ao mercado laboral
 - Metodoloxía de intervención
 - Acompañamento no proceso de reinserción
 - O adestrametno das competencias transversais
 - Test e caso práctico
- * Inclúe sesión online/virtual: *“Boas prácticas na intervención con persoas privadas de liberdade”*

Módulo 6. Traballo Social Penitenciario

- Contextualización e referentes
- Metodoloxía de intervención. Instrumentos e técnicas
- A intervención do/a profesional de traballo social nos diferentes réximes de vida
- A importancia do Terceiro Sector na reinserción social
- O Consello Social Penitenciario e os Consellos Sociais Penitenciarios Locais
- Os recursos comunitarios como apoio á reinserción social
- Test e caso práctico

4. PERSOAS DESTINATARIAS

Profesionais de traballo social e persoas interesadas na intervención sociolaboral no ámbito penitenciario.

5. CALENDARIO

Desde o 1 de febreiro ao 31 de maio de 2024.

6. METODOLOXÍA

Prantéxase unha formación de 100 horas, de forma que cada módulo implique unha adicación de 16 horas, entre teoría e práctica.

Unha vez o alumnado interiorice os contidos, poderá realizar un **breve exercicio práctico e unha proba tipo test de 10 preguntas** sobre os contidos de cada módulo. Ao remate do módulo 6, deberá pasar unha **proba final** con 30 preguntas tipo test. así coma un **caso práctico**.

Entre o material que se poderá atopar na plataforma Moodle, achegarase un documento chamado “Guía do alumnado” onde constará o horario de tutorías telefónicas, así como un correo electrónico onde poder enviar as consultas ou dúbidas.

A metodoloxía consiste en avanzar ao longo do itinerario de aprendizaxe online, cos seus temas e actividades correspondentes. Para a avaliación, o alumnado deberá completar todos os apartados e actividades da acción formativa. Para un bo desenvolvemento da formación, utilizaranse dinámicas que favorezan a aprendizaxe dende a participación activa, malia que determinados puntos temáticos se presenten como unha descripción máis expositiva.

Para que a perspectiva do alumnado ante a acción formativa sexa o máis positiva posible, no Plan de acción tutorial contempláñse una serie de estratexias de motivación, que servirán tamén ás docentes de guía para o correcto desenvolvemento de intervencións en caso de necesidade.

Utilizaranse diferentes vías ofrecidas polas docentes ou pola propia plataforma Moodle do COTSG:

Email: Mediante o uso do correo electrónico as docentes levarán a cabo comunicación de base, independentemente das posteriores necesidades concretas que poida ter o alumnado.

Chat: Mediante o uso do chat dispoñible na plataforma ou as ferramentas de videoconferencia, as docentes poderán levar a cabo sesións de titorías individuais ou colectivas, nas que se levarán a cabo estratexias de motivación e orientación ao alumnado ou se poderán trasladar consultas ou dúbidas relativas a cada módulo, onde se poderán tratar contidos concretos dos mesmos.

Foros: Co fin de fomentar a participación e interacción no curso, o titor ou titora poderá utilizar os foros, a través dos que tamén se desenvolven as estratexias de motivación e dinamización, podendo crear diferentes espazos durante o desenvolvemento da formación.

Vídeo-entrevistas: Sempre que sexa posible, subiranse á plataforma formativa unha vídeo-entrevista a unha traballadora social do Centro Penitenciario Pereiro de Aguiar, así como a unha ou varias persoas privadas de liberdade. Estes vídeos facilitarán ao alumnado achegarse á realidade dos factores de risco, da delincuencia, da privación de liberdade e das súas consecuencias, así coma ao análise das función dunha traballadora social de Institucións Penitenciarias.

Sesión Online: Aproximadamente na metade do curso levarase a cabo unha sesión virtual caos docentes, nas que se falará de boas prácticas na intervención sociolaboral con persoas privadas de liberdade. Esta sesión será de 2 h de duración

7. AVALIACIÓN

Para avaliar a formación teremos en conta diferentes aspectos do alumnado:

- Evolución nos temarios e probas vinculadas a cada módulo
- Papel activo e participativo
- Desenvolvemento da capacidade analítica e reflexiva
- Aproximación aos contidos a través de modelos próximos á realidade profesional
- Interaccións entre alumno/a e titor/a

Instrumentos de avaliación:

Foro: Para facilitar ao alumnado a expresión das súas motivacións e expectativas ao comezo do curso e como instrumento complementario á avaliación a través da apertura de debates.

Actividades de Avaliación Modular: Actividades insertadas nos contidos multimedia; tódolos módulos finalizan cun breve caso práctico e un cuestionario tipo test. o Obxectivo das mesmas é avaliar a adquisición obtida e os erros cometidos.

Avaliación final: Consiste nunha proba tipo test de 30 preguntas sobre os contidos xerais da formación. A titora asignará unha puntuación en función dos criterios de avaliación previamente definidos

8. DOCENCIA

Alba Moretón. Colex. 4065

Formada en intervención no eido penitenciario a través da UNED, conta experiencia como voluntaria en CUPIF, no CIS Victoria Kent (Madrid), deseñando e implementando sesións grupais en "Aire", programa semanal de seguimento, de carácter preventivo e reeducativo.

Conta asemade con experiencia laboral no centro penitenciario Pereiro de Aguiar (Ourense) e desde o ano 2017 exerce como traballadora social en APES Asociación.

Laura Suárez

Educadora social de APES Asociación dende 2012, intervindo en 6 dos 7 establecementos penitenciarios da comunidade autónoma Galega, principalmente no centro penitenciario Pereiro de Aguiar (Ourense).

Conta con formación en intervención no eido penitenciario a través da UNED.

Medalla ao Mérito Social Penitenciario outorgada pola Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias (2022).



COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



981 568 100



info@traballosocial.gal



facebook.com/COTSdeGalicia



[cotsgalicia](https://instagram.com/cotsgalicia)